

A oferta participativa das webs parlamentarias¹



& Resumo/Abstract: *Este artigo presenta os resultados dunha investigación na que se analiza a oferta participativa das webs de diversos parlamentos da nosa contorna. Proponse un inventario de mecanismos que ofrecen os parlamentos para que os cidadáns poidan participar a través da súa web. Establécese unha metodoloxía que permite comparar os devanditos indicadores por unha banda e os diversos parlamentos pola outra. Pódese observar como, a través dunha web, os parlamentos dispoñen dunha variedade de mecanismos para abrir canles de intercambio cos cidadáns con impactos participativos de distinto grao. Obsérvase como os mecanismos participativos máis estendidos son aqueles que ofrecen os niveis máis básicos de participación. Por outro lado, as puntuacións dos parlamentos en España (Congreso, Senado e comunidades autónomas) son, en xeral, inferiores ás dos parlamentos da contorna europea.&*

& Palabras clave: participación política, parlamentos, novas tecnoloxías da información e a comunicación, internet, Europa

1. INTRODUCCIÓN

Este artigo presenta os resultados dunha investigación impulsada pola Fundació Jaume Bofill² na que se analizan unha serie de páxinas web de parlamentos da nosa contorna en relación coa súa oferta de espazos de participación. O obxectivo principal deste estudo consistía en observar como resolven os parlamentos a adaptación a unha demanda de participación propia de calquera sistema democrático actual nun espazo virtual como é a súa páxina web. Esta análise enmárcase nas expectativas que se xeraron en torno aos impactos políticos da xeneralización das novas tecnoloxías. Pero ademais, pretende proporcionar certos elementos de reflexión ao debate sobre a importancia da participación política nas democracias representativas actuais.

En primeiro lugar, preséntase unha síntese do debate que ofrece a literatura sobre a relación entre internet e a participación política, con especial atención ao caso dos parlamentos. A continuación expónse a metodoloxía utilizada na investigación para puntuar e avaliar as diferentes páxinas web. Para rematar, expóñense os principais resultados da investigación.

2. PARTICIPACIÓN POLÍTICA E INTERNET: UN NOVO DEBATE

O debate normativo sobre os modelos de democracia (elitismo fronte a participación directa) alcanza desde os anos noventa un relativo consenso en que o paradigma dominante pasa a defender unha participación activa do cidadán na toma de decisións, pero no marco da democracia representativa e con impulso institucional (Sartori, 1992; Anduiza i Bosch, 2004). Os parlamentos continúan sendo institucións centrais como espazos nos que a delegación do poder se complementa cos principios de responsabilidade e rendemento de contas (*responsiveness e accountability*). Con todo, para a materialización destes principios, deben establecerse unhas canles de comunicación permanentes entre representantes e representados en dous sentidos (Norris, 2000): por unha banda, a información debe vehicularse desde a elite ata a cidadanía (nun movemento *top-down*); ademais, a cidadanía debe atopar espazos mediante os cales poida facerlle chegar as súas posicións e preferencias á elite (transmisión de demandas en sentido *bottom-up*).

Por outro lado, as reflexións sobre a importancia da existencia de espazos para a participación cidadá toparon cun novo debate xurdido da constatación dunha apatía crecente dos cidadáns. Este novo fenómeno coñécese baixo o nome de desafección política e foi observado por varios autores desde a década dos setenta, cando se empezan a poñer de manifesto algúns síntomas de alienación e insatisfacción dos cidadáns respecto dos actores e os mecanismos de funcionamento das democracias representativas (Crozier, Huntington e Watanuki, 1975). Fálase ata dun cambio mediante o cal, segundo as opinións máis pesimistas, se estaría a producir unha erosión da concepción do deber de implicación, pasando así de democracias de cidadáns a democracias de individuos (Lipovetsky, 1994: 203).

Pero en realidade, paralelamente á constatación dunha caída dos niveis de participación electoral na maioría das democracias occidentais ao longo das últimas décadas, tamén se observou un aumento da participación política máis aló dos mecanismos convencionais clásicos (Verba et al., 1995; Dalton, 2002). O auxe das plataformas de acción cidadá e dos novos movementos sociais exemplifican un novo cambio de valores: trátase de movementos que defenden os aspectos non materiais do concepto do benestar e promoven a horizontalidade fronte a principios clásicos como a orde ou a xerarquía. Tamén bautizado como posmateria-

lismo (Inglehart, 1990), trátase dun novo modelo de valores que estaría impulsando un cambio nas formas de facer política. O prognóstico non sería tan pesimista, posto que non existiría un aumento do desinterese polo ben público, senón unha busca de novos mecanismos como resposta á falta de encaixe de novos tipos de demandas coas formas e os contidos da política tradicional e convencional (Innerarity, 2002).

Neste sentido, cómpre engadir que os valores posmaterialistas destacan precisamente pola súa alta valoración do ideal democrático (Dalton, 2000). Ademais, algunhas das análises sobre desafección política mostran tamén que as institucións de carácter máis representativo como son os parlamentos non sofren de forma tan pronunciada esta perda de confianza fronte a partidos políticos, líderes, etc. (Listhaug e Wiberg, 1995; Lusoli, Ward e Gibson, 2006). Daquela, o verdadeiro reto das institucións da democracia representativa é a súa capacidade de adaptación a estas novas necesidades dos cidadáns, abrindo espazos de participación que garantan a consecución dos valores antes mencionados. Se se presentan os mecanismos participativos como un complemento á práctica política representativa, poderíase acurtar a distancia das institucións respecto dos cidadáns, promovendo así unha maior e máis eficaz implicación destes.

As novas tecnoloxías permiten retomar este debate a partir das novas posibilidades que ofrecen. Internet pode suplir algunhas das carencias detectadas nas prácticas políticas convencionais dadas as súas características, entre as cales destaca a súa capacidade de transmisión e difusión de información, a comunicación de forma non lineal e en rede, a inmediatez, etc. Ante esta exposición de virtudes poderíase pensar que internet pode resolver as carencias que se critican a miúdo nas sociedades democráticas. No entanto, convén recordar a existencia dunha fenda dixital que lle limita o acceso ás novas tecnoloxías a unha parte da poboación, limitación que coincide precisamente cos segmentos con recursos socioculturais menores (Norris, 2001). Ademais, ningunha das posibilidades de internet intervén *a priori* sobre as motivacións políticas do cidadán. Ata se pode argumentar que maior cantidade de información non presupón maior calidade nin maior capacidade por parte do cidadán para selecciónala e procesala. De feito, internet podería terse convertido nun espazo onde os xa politicamente sofisticados atopan novos mecanismos, ensanchando así os nesgos en canto a recursos dispoñibles para a participación política (Davis, 1999).

Por outra banda, tamén é certo que internet introduce un cambio cualitativo en termos de metodoloxía e mesmo en actitude e comportamento, posto que o seu impacto vai alén da súa vertente puramente funcional, pois é capaz de xerar unha verdadeira «identidade electrónica» (Wolton, 1999; Rieffel, 2005). As transformacións deben entenderse nun sentido amplo, posto que a tecnoloxía comporta cambios nas propias formas en que os individuos se organizan e interactúan (Mulder, 1999). Isto afecta por un lado ao cidadán, pero especialmente aos diferentes actores que actúan na esfera política. As institucións da democracia representativa adaptáronse ás novas tecnoloxías probablemente a un ritmo máis lento e pragmático que outros actores, como os movementos sociais (López, Roig e Sábada, 2003; Ward e Vedel, 2006). Inicialmente, a utilización de ferramentas como internet respondía a cuestións de imaxe máis que de contido: a miúdo priorizábase o feito de estar presente, máis que a implantación dunha estratexia meditada para aproveitar as posibilidades de internet. Isto comportou críticas en canto ás verdadeiras intencións dunhas elites políticas que non se mostrarían especialmente proclives a dinamizar espazos participativos non convencionais nin a

aceptar a lexitimidade ou forza vinculante de formas máis novas de participación cidadá nos procesos de toma de decisións (Subirats, 2003).

Pero tamén é certo que a evolución nos últimos anos en canto a usos de internet deixa entrever un maior aproveitamento desta ferramenta. Encontramos exemplos claros no uso da rede que están levando a cabo candidatos e partidos en época electoral (por exemplo, utilizando páxinas web para transmitir mensaxes, captar simpatizantes e voluntarios ou ata recibir doazóns). Tamén fóra do período electoral estanse a desenvolver novos fenómenos, como no caso dos blogs, que demostran que as elites políticas tamén están adquirindo un grao de coñecemento e *expertise* que lles permite entrar en contacto co cidadán de forma máis directa e continuada. Así, varios estudos outórganlle ao consumo das novas tecnoloxías unha relativa capacidade mobilizadora en relación coa política, ata na súa vertente máis institucional ou convencional (Norris, 2003 e 2000; Tolbert e MacNeil, 2003). En todo caso, a presenza na rede debe estar baseada nunha estratexia que teña presentes as características de internet, que serán as que promovan unha determinada actitude dos cidadáns no seu contacto coas elites.

O papel dos parlamentos neste novo escenario

As novas tecnoloxías, con internet á fronte, ofrecen un novo escenario para a conexión —nunca mellor dito— entre representantes e representados (Lusoli, Ward e Gibson, 2006; Norris, 2001). Ante a necesidade de reconducir a alienación cidadá, e constatada a evidencia da vixencia dos valores democráticos, os parlamentos aparecen como un espazo privilexiado para tratar de darlle resposta á carencia de mecanismos que permitan unha verdadeira articulación de demandas cidadás. Como se mencionou, na esfera convencional os parlamentos caracterízanse polo mantemento dun relativo prestixio fronte a outras institucións. O seu carácter deliberativo e de esfera de creación de consenso constitúe un atributo próximo ás características que se destacan da metodoloxía xurdida das novas tecnoloxías, que se contra-poñen ás formas xerárquicas de relación de poder. Así, o desenvolvemento e a utilización dunha páxina web por parte dunha institución representativa deste rango supoñen moito máis que unha anécdota.

Neste sentido, hai que diferenciar entre os posibles usos que lle permite internet a unha institución como un parlamento no tocante ás súas relacións co cidadán. Existe certa literatura de avaliación das webs desenvolvidas no ámbito político: webs de partidos, de gobernos locais, da Administración pública, etc. Tamén en relación cos parlamentos se detecta un interese crecente por avaliar as posibilidades da súa presenza na rede. Os diferentes autores que levaron a cabo análises deste tipo tratan de desagregar ou desenvolver tipoloxías dos servizos ofrecidos polos parlamentos *online* (Campbell, Harrop e Thompson, 1999; Taylor e Burt, 1999; Norris, 2000; Dader, 2003; Marcos e Rovira, 2006). Existen varias propostas, pero todas elas comparten certos elementos en común. Se deixamos de lado as cuestións de deseño e accesibilidade, xeralmente ponse a énfase en dous grandes aspectos que deberán estar presentes nunha web parlamentaria: a provisión de información por unha banda e a posibilidade dunha interacción co cidadán por outra.

O caso da información política é especialmente relevante e centra parte das análises desta investigación, dado que forma parte da propia definición da democracia actual na que as institucións representativas responden ante os cidadáns que delegaron nelas a execución da súa soberanía. A información atópase na base da capacidade do cidadán para exercer un control

sobre este exercicio. Non hai *responsiveness* nin *accountability* sen información política. Precisamente unha das críticas na constatación do fenómeno da desafección xorde do feito de que os cidadáns non perciben que dispoñen da suficiente información. A carencia de información implica descoñecemento sobre a xestión dos representantes e este descoñecemento conduce á desconfianza e a reprobación (Putnam, Pharr e Dalton, 2000). A información implica transmisión de coñecemento, capacidade para explicar a obra lexislativa e de goberno e proporciona lexitimidade por si mesma, como demostración de transparencia. Calquera institución que pretenda recuperar a satisfacción dos cidadáns respecto da súa tarefa debe ter en conta as posibilidades das novas tecnoloxías en termos de provisión de información.

Desde o punto de vista do cidadán, aínda que a provisión ou o intercambio de información non se considera participación política como tal (Anduiza e Bosch, 2004), resulta un paso previo imprescindible. O acceso a información representa un compoñente básico da sofisticación política (Luskin, 1990). Por unha banda, comporta un proceso de contextualización e xera unha determinada representación e percepción da realidade (Mulder, 1999). Pero ademais, estar informado forma parte dunha actitude cívica, posto que implica interese e responsabilidade. Acceder a información política ten polo tanto consecuencias sobre o comportamento, é a antesala da participación (Bimber, 2003). A provisión de información é pois un elemento que as elites deben garantir, non só en relación co contrato democrático que rexe a súa actividade, senón por ser virtuosa en si mesma para o cidadán.

Certamente, internet permite unha transformación dos modos de transmisión de información clásicos (Yildiz, 2002; Vedel, 2003). Por exemplo, modifícase a dispoñibilidade de información en termos de cantidade. Pero a rede permite tamén mellorar o nivel de detalle sobre o contido desta información. Un parlamento pode poñer ao alcance do cidadán información relacionada co gran número de áreas sobre as que legisla. Isto require tamén que esta información sexa actualizada con regularidade, aínda que iso comporte unha dedicación e certos esforzos (Campbell, Harrop e Thompson, 1999). Deste xeito, o cidadán pode acceder a ela prescindindo da figura do *gatekeeper* ou filtro exercido polos medios de comunicación ou os líderes de opinión. Internet ofrece un acceso directo ás fontes primarias dunha información, neste caso o propio lexislador.

Ora ben, as teses da teoría democrática elitista basean parte da súa argumentación no feito de que para xestionar a información das sociedades complexas actuais e utilizala para xerar os *outputs* adecuados, son necesarias unhas habilidades específicas e unha dedicación exclusiva. De aí que a actividade da clase política das democracias representativas teña un carácter profesional. Pero se se acepta a necesidade dunha intervención do cidadán complementaria a esta actividade representativa, non só resulta imprescindible poñer a información adecuada ao seu alcance, senón que cómpre adaptala ás súas características. A información, para xerar un impacto en termos de actitude cívica e para promover unha transparencia sincera e real, debe ser accesible tanto a nivel cuantitativo como cualitativo. Non se trata pois sinxelamente de colgar o máximo de información aproveitando unha ferramenta como é unha páxina web. A información debe estar ordenada e clasificada e enmarcada no contexto e os antecedentes. Algúns estudos xa demostraron como o acceso á información a través de medios *online* promove a discusión política interpersoal e o *civic messaging*, que pola súa vez repercuten na participación política (Shah et ao., 2005).

O segundo gran compoñente de toda web parlamentaria identificado polas análises levadas a cabo ata o momento entra de forma máis clara na súa oferta participativa. Trátase da

posibilidade de interactuar ou manter canles de comunicación abertas entre representantes e representados. Internet non só permite romper a unilateralidade dos fluxos de comunicación, senón que tamén a dota de novas características e posibilidades. Por unha banda, a través do correo electrónico o cidadán dispón dun mecanismo de baixo custo a través do cal o intercambio pode ser personalizado e realízase de forma instantánea malia as distancias físicas. Así, a posibilidade de dirixirle unha mensaxe ou demanda á persoa que debe debater un asunto nunha cámara lexislativa convértese en participación política pola súa clara vocación de intervención ou influencia sobre o proceso decisional. Pero ademais do contacto mediante correo electrónico, internet permite outros tipos de interacción entre representantes e representados que serven de emisión de opinión e demandas en sentido *bottom-up*, sen estar limitadas a unha transmisión de carácter lineal. Servizos como os *chats*, os foros de debate ou unha simple enquisa *online* introducen un cambio cualitativo ao adoptar un sistema comunicacional que permite a participación de múltiples emisores e receptores en tempo real. Rómpease así coa xerarquía propia dos intercambios lineais e lévase a cabo dun modo público que contribúe á demostración de transparencia por parte da institución que ofrece este servizo.

Aínda así, considerar que algunhas destas formas de intercambio (especialmente *chats* e foros) poidan converterse nun verdadeiro mecanismo de deliberación en versión *online* resulta aínda dubidoso (Davis 1999; Noveck, 2000). Quizais baste con esperar un enriquecemento do fondo argumental previo á deliberación (Sunstein, 2002), neste caso o debate parlamentario. De todos os xeitos, a interacción eludindo formas xerarquizadas de relación sería virtuosa ao permitir romper coa sensación de distancia detectada polos analistas da desafección. Ao mesmo tempo, esta posibilidade de intercambio entre deputados e cidadáns encaixa unha vez máis cunha definición de participación que pon a énfase nos obxectivos do participante: influír no proceso de toma de decisións.

En realidade, pódese argumentar que non forma parte das tarefas dos parlamentarios participar dunha comunicación que pode tomar un carácter personalizado e que presupón a capacidade para dar unha resposta instantánea. O mandato imperativo que podería xurdir dunha demanda concreta dun representado foi xustamente vetado en favor da capacidade de deliberación e de consenso que se persegue nunha asemblea lexislativa. Ademais, non se debe esquecer a existencia da fenda dixital que deixa en mans de só unha parte da cidadanía a capacidade para acceder *online* aos seus representantes. A participación a través de internet alimentaría a existencia dun *gap* a favor daqueles que poden facer uso desta ferramenta para influír politicamente. Con todo, trátase de engadir unha nova posibilidade para que a comunicación sexa efectiva tamén desde a esfera civil ata a elite, alén do período electoral e paralelamente a outras formas (non) convencionais de participación. Entón, o deputado, que, recordamos, realiza unha tarefa de carácter profesional, pode facer uso dos *inputs* que lle chegan desde todas e cada unha das vías posibles. Por outra parte, o risco de que as demandas expresadas *online* ensanchen un *gap* participativo non foi totalmente demostrado. Ao contrario, trátase dunha cuestión que xera aínda debate entre os partidarios das teorías do reforzamento —internet reforza as desigualdades de oportunidades ao favorecer a aqueles que xa dispoñen dos recursos para participar— e os que defenden as teorías da mobilización —internet ten capacidade para mobilizar tamén a partes da sociedade apática politicamente mediante outras vías— (Di Gennaro e Dutton, 2006; Gibson, Lusoli e Ward, 2005 e 2006; Krueger, 2002; Norris, 2001).

En todo caso, debe suscitarse a dúbida de se a implantación destes novos mecanismos responde a unha vontade efectiva de abrir espazos de intercambio ou, unha vez máis, a unha estratexia de imaxe. Como se mencionou máis arriba, a vontade política continúa sendo un elemento indispensable. Prover ao cidadán dunha oferta participativa ten consecuencias sobre o aumento das demandas e dá pé a unha necesidade de resposta e que esta sexa adecuada. Por outro lado, a existencia de certos mecanismos nas webs dos parlamentos non é por si mesma indicadora dun cambio cualitativo no propio funcionamento destas cámaras. Os impactos sobre as tarefas puramente legislativas son difíciles de medir cando os mecanismos de intervención cidadá non teñen carácter vinculante, e sobre todo cando o espazo de transmisión de información e recepción de demandas pode desenvolverse de forma pública (por exemplo nos *chats*), pero o seu tratamento posterior pasa a formar parte dun espazo que deixa de ser visible para o cidadán.

En calquera caso, esta investigación pretende observar en que medida os parlamentos se dotan dos espazos que cumpren con esta dobre potencialidade de internet: a provisión de información e a posibilidade dunha interacción co cidadán. Existe un abano bastante amplo de posibles aplicacións tecnolóxicas para implantar estas formas máis ou menos participativas nunha web. Mediante unha observación das principais webs parlamentarias quérese precisamente inventariar cales son as máis utilizadas, que forma de clasificación se pode lograr en termos de consecución dos obxectivos participativos e en que grao unhas e outras webs son utilizadas en maior ou menor medida.

3. CASOS E METODOLOXÍA

A selección de páxinas web que se analizaron responde a un dobre criterio: por unha banda, preténdese observar a oferta participativa *online* dos parlamentos da nosa contorna (Cataluña, outras comunidades autónomas de España e países europeos). Por outra, seleccionáronse páxinas web de parlamentos de países que destacaron precisamente pola súa aposta polos espazos participativos (Escocia e Brasil). O acceso ás webs levouse a cabo durante o mes de abril do 2006. A seguinte táboa presenta o listado definitivo das páxinas web analizadas³:

Táboa 1. Casos seleccionados:

Europa e outras	
Alemaña	http://www.bundestag.de/
Francia	http://www.assemblee-nationale.fr/
Italia	http://www.parlamento.it/
Bélxica	http://www.fed-parl.be/
Luxemburgo	http://www.chd.lu/default.jsp
Gran Bretaña	http://www.parliament.uk/
Irlanda	http://www.oireachtas.ie/
Portugal	http://www.parlamento.pt/
Escocia	http://www.scottish.parliament.uk/home.htm
Suíza	http://www.parlament.ch/f/homepage.htm
Brasil	http://www2.camara.gov.br/

España	
Cataluña	http://www.parlament-cat.net/
Congreso Deputados	http://www.congreso.es/
Senado	http://www.senado.es/
Andalucía	http://www.parlamentodeandalucia.es/
Aragón	http://www.cortesaragon.es/
Asturias	http://www.jgpa.es/
Cantabria	http://www.parlamento-cantabria.es/
Castela-A Mancha	http://www.cortesclm.es/
Castela e León	http://www.ccyl.es/
Ceuta	http://www.ciceuta.es/
Com. de Madrid	http://www.asambleamadrid.es/
Euskadi	http://parlamento.euskadi.net/
Estremadura	http://www.asamblealex.es/
Galicia	http://www.parlamentodegalicia.es/
Illas Baleares	http://web.parlamentib.es/
Illas Canarias	http://www.parcn.es/
A Rioxa	http://www.parlamento-larioja.org/
Murcia	http://www.asambleamurcia.es/
Navarra	http://www.parlamento-navarra.es/
País Valenciano	http://www.cortsvalecianos.es/

Realizouse unha observación de cada páxina web coa intención de dispoñer dun inventario das diversas formas de participación que implantan os parlamentos da nosa contorna. Para iso definiuse unha batería teórica de parámetros para observar en cada unha das webs. Esta clasificación trata de recoller os dous obxectivos que pode perseguir un parlamento na implantación destes instrumentos: a provisión de información e a existencia de mecanismos que permiten unha interacción co cidadán. Ademais, dada a amplitude deste segundo parámetro, diferenciouse entre mecanismos de carácter máis ou menos lineal. Como se dixo máis arriba, pódese levar a cabo un contacto entre representantes e representados de forma lineal, directa e privada a través de mecanismos como o correo electrónico. Pero, ademais, internet ofrece espazos a través dos cales os cidadáns lles fan chegar a súa opinión aos seus representantes de forma pública e nun intercambio con múltiples emisores e receptores.

Deste xeito, establecéronse tres grandes dimensións: transparencia, contacto e opinión. Cada unha delas componse de catro mecanismos que pode ofrecer unha web parlamentaria. Puntuouse cada páxina web en función da existencia ou non dos mecanismos seleccionados. Cómpre dicir que nesta primeira fase da busca, as puntuacións outorgadas non discriminan entre o carácter máis ou menos participativo dos mecanismos. Cando o mecanismo existe, outórgaselle 1 punto á web. Pola contra, o «marcador» da web suma 0 puntos. Nalgún caso, considerando que a oferta nun determinado mecanismo é ata mellor do que se esperaba, a puntuación concedida é de 1,5 puntos. Tamén nalgunha ocasión, outórgase unha puntuación intermedia de 0,5 puntos cando non se satisfán de forma completa os requisitos do mecanismo analizado. Con estes datos, obtivéronse as puntuacións globais e desagregadas por cada dimensión para cada parlamento. A continuación preséntase a clasificación dos mecanismos observados.

Clasificación dos mecanismos que compoñen cada dimensión

Transparencia

Esta dimensión mide a vontade de establecer un fluxo de información *top-down*. Como se dixo, a transmisión de información, aínda cando non se considera participación como tal, é un paso previo indispensable dado que garante que o cidadán dispoña dun mínimo de recursos antes de exercer algunha forma de participación. Por outra banda, a transparencia é unha fonte de lexitimidade para o parlamento. Os elementos que se incluíron neste apartado son os seguintes:

- Documentación: comprobouse se a web ofrece documentación sobre a tarefa lexislativa (leis, proxectos de lei, textos fundamentais, etc.).
- Retransmisión en directo: comprobouse se o cidadán pode seguir en directo a retransmisión dos plenos da cámara a través da propia web.
- Proxectos abertos: verificouse se, ademais da documentación legal básica, a web ofrece información actualizada do estado das tramitacións legais en marcha (textos provisionais, axenda, etc.).
- Lista de distribución: puntuouse a existencia dun mecanismo de distribución de información a través do correo electrónico do cidadán que o solicite.

Contacto

Esta é unha dimensión que entra de forma máis clara no concepto de participación. Trátase neste caso de que quen tome a iniciativa sexa o propio cidadán, dándolle a posibilidade de entrar en contacto cos seus representantes de xeito relativamente directo e lineal. Neste sentido, diferenciouse entre:

- Contacto institucional a través de enderezo electrónico e contacto institucional a través de formulario: puntuouse a existencia dun enderezo de correo electrónico institucional ao cal o cidadán poida dirixir as súas dúbidas ou suxestións. Nalgúns casos, a alternativa (ou complemento) consiste nun formulario que o cidadán pode encher e enviar a través da propia web. Outorgouse un punto en cada caso⁴.
- Contacto con membros do parlamento (grupo parlamentario): comprobouse a existencia e publicidade de enderezos de correo electrónico dos grupos parlamentarios.
- Contacto con membros do parlamento (contacto individual): comprobouse se os deputados ofrecen un enderezo de correo electrónico individual.

Opinión

Esta dimensión aborda de forma máis concreta a definición de participación política. A través dos mecanismos que se recollen neste apartado prodúcese unha expresión de opinión e de demandas pública e directa que non limita o número de emisores nin de receptores e que a miúdo comporta unha resposta inmediata. A continuación desagreganse os mecanismos desta dimensión:

- Enquisas/consultas: malia as dúbidas que poidan xerar en canto a representatividade e funcionamento técnico (control de resposta múltiple), puntuouse a existencia de consultas *online* sobre temas políticos.

- Espazo para expresar opinión: máis aló da oferta de formularios ou correos electrónicos de contacto persoal ou institucional, puntuouse o feito de que os parlamentos ofrezan un espazo no que o cidadán poida deixar patente unha opinión ou suxestión. A diferenza cos mecanismos de contacto expostos máis arriba dáse por dúas circunstancias. En primeiro lugar, estes espazos non teñen por que dar lugar a comunicacións cara a un destinatario en concreto senón que constitúen unha oportunidade para expresar unha opinión de forma máis xenérica se se desexase; e en segundo lugar, trátase de opinións que quedan publicadas na propia web e que, xa que logo, poden ser lidas tanto polos membros da cámara coma por outros cidadáns.
- Foro de debate: este mecanismo representa unha das principais vantaxes que incorporan as novas tecnoloxías á participación política, posto que permite unha comunicación entre os mesmos cidadáns. Puntuouse a existencia de foros de debate relacionados con cuestións políticas e de actualidade.
- *Chat* con deputados/as: trátase do mecanismo que permite unha maior proximidade entre os membros do parlamento e os cidadáns, nunha comunicación baseada no intercambio inmediato pese ás distancias físicas. Puntuouse a celebración previa ou anunciada dun ou máis *chats* con deputados/as.

Seguindo este esquema, recolleuse a puntuación de cada web parlamentaria para cada mecanismo, o que permite calcular o seu global por dimensión. Como se dixo, puntúase cada mecanismo con 0 (non existe) e 1 (si existe). E nalgúns casos, existe unha puntuación intermedia (0,5) ou superior (1,5)⁵. Deste xeito, pódese observar que uso fai cada un dos parlamentos analizados das diversas posibilidades existentes en internet en canto a oferta participativa. Cos datos de cada caso construíuse unha base de datos para contrastar as puntuacións de maneira conxunta e realizar unha comparación das diferentes webs. As análises que se expoñen aquí presentan os resultados para cada unha das dimensións e mostran que mecanismos son os máis empregados polos parlamentos e se existen ámbitos xeográficos onde determinados mecanismos son máis utilizados. A diversidade das webs seleccionadas permite xustamente levar a cabo unha comparación entre Cataluña, o ámbito español (Congreso, Senado e resto das comunidades autónomas), o ámbito europeo (países europeos e Escocia) e Brasil.

Pero, ademais, quíxose distinguir entre os diferentes graos participativos de cada un dos mecanismos observados. O carácter participativo de certos mecanismos, por exemplo da dimensión de transparencia, non se pode considerar equivalente á existencia de mecanismos de contacto ou de espazos de debate ou opinión. Por iso, ordenáronse os mecanismos en función do seu compoñente participativo e estableceuse unha ponderación para as puntuacións obtidas. Obtense así unha gradación que dá lugar a unha puntuación final no que se denominou eixe de oferta participativa. O seguinte cadro mostra as ponderacións outorgadas a cada mecanismo e a súa puntuación no eixe de participación:

Táboa 2. Construción do eixe de participación:

Dimensión / Mecanismo		Rango puntuación inicial	Ponderación	Puntuación máxima en eixe de participación
Transparencia	Documentación	0 - 1	1	1
	Retransmisión en directo	0 - 1 - 1,5	2	3
	Proxectos abertos	0 - 0,5 - 1	3	3
	Lista de distribución	0 - 0,5 - 1	4	4
Contacto	Contacto institucional (formulario)	0 - 0,5 - 1	5	5
	Contacto institucional (e-mail)	0 - 0,5 - 1	5	5
	Contacto con grupo parlamentario	0 - 0,5 - 1	7	7
	Contacto con parlamentario/a	0 - 0,5 - 1	8	8
Opinión	Enquisas e consultas	0 - 0,5 - 1	5	5
	Espazo para deixar opinión	0 - 0,5 - 1	6	6
	Foro de debate	0 - 0,5 - 1	7	7
	Chat con deputados/as	0 - 0,5 - 1	8	8
Total:				62

Deste xeito, o rango final do eixe de participación varía de 0 a 62 puntos, onde 0 equivalería ao mínimo de oferta participativa e 62 ao máximo. En todo caso, o eixe foi estandarizado de 0 a 100%. Deseguido, preséntanse os resultados obtidos polos diferentes parlamentos neste eixe, na súa puntuación global e desagregada por dimensións, de forma que se comparan os diferentes ámbitos xeográficos.

4. ANÁLISE DE RESULTADOS

A estrutura que se seguiu para expoñer os resultados respecta as tres dimensións básicas en que se baseou esta investigación. En primeiro lugar, faise referencia aos mecanismos que facilitan a transparencia democrática destas institucións de representación política. A segunda dimensión analizada é aquela que fai referencia ás facilidades que fan posible ou facilitan o contacto dos cidadáns cos seus representantes políticos. E, en terceiro lugar, estudouse a dimensión que facilita ou incentiva a expresión da opinión cidadá no marco destas institucións.

Transparencia

Esta primeira dimensión analizada estruturouse internamente en catro mecanismos que consideramos clave e que facilitan a transmisión de información entre a institución política e os cidadáns. É dicir, estase a analizar o fluxo de información que se realiza de forma *top-down*. A táboa 3 mostra os datos globais do uso dos diversos mecanismos da dimensión de transparencia.

Táboa 3. Datos xerais dos mecanismos de transparencia.

	Non		Algúns		Si		Total	
	N	%	N	%	n	%	n	%
Documentación	1	3,2	--	--	30	96,8	31	100
Proxectos abertos	11	35,5	2	6,5	18	58,1	31	100
Lista de distribución	18	58,1	2	6,5	11	35,5	31	100
Retransmisión en directo	10	32,3	--	--	21	67,7	31	100

Fonte: elaboración propia

Como se pode observar nesta táboa, a extensión destes mecanismos de transparencia non é uniforme e existen graos de aplicación bastante diferentes entre eles. Esta diferenza apréciase se, por exemplo, se compara a provisión masiva por parte destas institucións de diferentes tipos de documentación aos cidadáns e, de forma contraria, a existencia minoritaria de listas de distribución que facilitan unha adaptación ás necesidades informativas dos mesmos cidadáns de forma directa e sen ningún custo⁶. Como se sinalou máis arriba, o simple feito de achegar información non é abondo. A complexidade intrínseca da información política en xeral require un traballo de clasificación e ordenación. Neste sentido, precisamente, as listas de distribución permiten realizar unha certa clasificación temática, xa que con frecuencia é o propio cidadán o que selecciona as cuestións sobre as que quere ser informado.

Das 31 páxinas parlamentarias visitadas, unicamente o 35,5% ofrece aos seus visitantes a posibilidade de conseguir información sobre as actividades destas institucións por medio da súa inscrición previa nun formulario. No proceso para realizar esta inscrición adoita ser posible a selección temática da información que se quere e/ou interesa recibir. Pola contra, o 58,1% das páxinas consultadas neste estudo non lles ofrece este servizo aos cidadáns.

Respecto dos proxectos abertos, cómpre indicar que a maioría das institucións estudadas (o 58,1%) si que ofrece unha información bastante completa sobre os diferentes proxectos de lei, proposicións e outras tarefas propias do seu labor legislativo, mentres que unha minoría destas institucións (35,5%) se comporta de forma opaca no que á transmisión desta información se refire. Se se segmentan os datos en función do ámbito xeográfico, obsérvase unha desigual distribución na aplicación deste mecanismo. Convén mencionar as diferenzas que se observan entre os diversos parlamentos de ámbito estatal (Congreso, Senado e asembleas legislativas das comunidades autónomas) e europeo: mentres unha maioría dos europeos (o 70%) ten un alto grao de transparencia e facilita información sobre os proxectos legislativos en proceso, este mesmo indicador de transparencia institucional presenta niveis inferiores (aínda que se supera o limiar do 50%) nos casos estatais.

O último mecanismo da dimensión de transparencia é o relativo á retransmisión en directo dos diferentes actos e plenos dos parlamentos e móstranos a mesma tendencia. Outra vez, unha clara maioría das webs parlamentarias dos casos europeos ofrecen este servizo (80%), mentres que nos casos estatais esta porcentaxe se reduce ata o 57,9%. Con todo, cabe des-

taçar que neste mecanismo o *gap* entre os casos estatais e os europeos é menos pronunciado e a tendencia claramente maioritaria é a de utilizar este recurso.

Contacto

Esta segunda dimensión analizada goza dunha grande importancia xa que nos facilita información das posibilidades que as diferentes institucións políticas poñen ao alcance dos seus cidadáns para contactar cos seus representantes democráticamente escollidos. Como se pode observar na táboa seguinte, nesta dimensión estudáronse tanto as canles existentes para contactar coas propias institucións coma as facilidades para contactar cos seus representantes, quer de forma individual quer mediante o grupo parlamentario ao cal estean adscritos.

Táboa 4. Datos xerais dos mecanismos de contacto.

		Non		Algúns		Si		Total	
		N	%	N	%	n	%	n	%
Coa Institución	Mail	8	25,8	1	3,2	22	71,0	31	100
	Formulario	18	58,1	1	3,2	12	38,7	31	100
Cos membros	Grupo parlamentario	12	38,7	2	6,5	17	54,8	31	100
	Parlamentario individual	9	29,0	3	9,7	19	61,3	31	100

Fonte: elaboración propia

Os datos indicánnos que os diferentes mecanismos analizados nesta dimensión son utilizados na gran maioría das webs parlamentarias consultadas. En relación co contacto coa institución, a posibilidade de contactar vía mail é a opción maioritaria, mentres a vía do formulario está menos estendida e o seu uso é minoritario. No que respecta ás canles para contactar cos representantes políticos, tanto o contacto co grupo parlamentario coma o contacto a nivel individual existen na maioría das institucións, aínda que parece facilitarse de forma especial o contacto individual en detrimento do grupo parlamentario do que forme parte o/a deputado/a.

Os datos sobre os dous mecanismos de contacto coa institución parecen indicar unha claro predominio do contacto por correo electrónico sobre o que se ofrece mediante o formulario⁷. Practicamente o 71% das webs analizadas fai uso deste sistema mentres que tan só o 39% destas mesmas webs (12) utiliza os recursos dos formularios. Nunha breve comparación territorial obsérvase que o contacto vía correo electrónico está presente no 90% das institucións europeas (por só o 63,2% das estatais) mentres que o uso máis minoritario do formulario como vía de contacto está dispoñible na maioría dos casos europeos (o 60%) pero nunha minoría dos casos estatais (26,3%).

Observando os datos sobre os mecanismos de contacto cos representantes políticos, xa sexa mediante o correo electrónico ao grupo parlamentario ou o correo individual dos parlamentarios, apréciase un intento importante da inmensa maioría destas institucións por apro-

veitar as novas posibilidades de comunicación que ofrecen as novas tecnoloxías. A maioría das institucións estudadas ofrecen estes dous mecanismos de contacto (o 54,8% ofrece o contacto vía o grupo parlamentario, mentres que o 61,3% o ofrece directamente co seu representante político). A nivel territorial, vólvese reproducir o esquema dual entre as institucións europeas e as de ámbito estatal, xa que, mentres as primeiras lles ofrecen de forma unánime aos seus cidadáns o contacto directo cos seus representantes políticos, nas institucións autonómicas e estatais analizadas unicamente se realiza de forma completa no 36,8% dos casos e parcialmente no 15,8%⁸.

Este dualismo repítese, aínda que de forma menos acentuada, nos datos sobre o contacto vía o grupo parlamentario. Neste último mecanismo de contacto cos representantes políticos, o 60% das institucións europeas facilítalles este papel de intermediación aos grupos parlamentarios, por tan só o 47,4% dos casos estatais e autonómicos. Hai que sinalar que, posiblemente coa intención de contrarrestar este déficit institucional, nalgúns casos (por exemplo, en dúas institucións de ámbito estatal) facilítase na súa web unha ligazón ou forma de contacto cos partidos políticos dos respectivos grupos parlamentarios.

Opinión

A terceira e última dimensión analizada nesta investigación estuda as posibilidades que se ofrecen nas páxinas webs institucionais para que os cidadáns poidan debater ou facer públicas as súas opinións sobre os asuntos que lles interesen e/ou lles preocupen. Como se pode observar na seguinte táboa, estes mecanismos non son utilizados, en ningún caso, de forma maioritaria polas institucións.

Táboa 5. Datos xerais dos mecanismos de opinión.

	Non		Algúns		Si		Total	
	N	%	N	%	n	%	n	%
Foro de debate	21	67,7	1	3,2	9	29,0	31	100
Espazo para deixar opinión	26	83,9	1	3,2	4	12,9	31	100
Chat cos representantes	27	87,1	1	3,2	3	9,7	31	100
Enquisas / Consultas	27	87,1	1	3,2	3	9,7	31	100

Fonte: elaboración propia

Nesta dimensión, o foro de debate é o mecanismo máis utilizado no conxunto das 31 institucións políticas representativas incluídas nesta investigación (pero só é utilizado polo 29%). Pola contra, malia as posibilidades que ofrecen os *chats* para que os cidadáns lles poidan mostrar a súa opinión aos seus representantes de forma directa, é un mecanismo utilizado por un grupo reducido de institucións. Esta utilización minoritaria vólvese detectar no mecanismo das enquisas e as consultas (servizos ofrecidos unicamente polos parlamentos de Alemaña, Francia e Escocia). A comparación territorial mostra que en tres de catro mecanismos analizados nesta dimensión a porcentaxe de institucións de ámbito europeo que o utilizan é o dobre do detectado no caso das institucións de ámbito estatal e autonómico.

Análise conxunta

Unha vez traballadas as páxinas web institucionais, tratouse de establecer o peso que os diferentes mecanismos teñen dentro de cada dimensión ao mesmo tempo que se intentaron ordenar as tres dimensións analizadas (transparencia, contacto e opinión) no continuo que, consideramos, fai referencia á oferta participativa en sentido amplo. Desta forma, e como se ve reflectido na táboa seguinte, pódense comparar os resultados de cada dimensión, ponderados pola importancia atribuída aos diferentes mecanismos que a compoñen, para grandes ámbitos territoriais. A continuación, móstrase a media e a mediana de cada ámbito xeográfico coas puntuacións en cada dimensión (que foron estandarizadas e varían entre un mínimo de 0 e un máximo de 100). Tamén se optou por mostrar algunha medida de dispersión para comprobar o grao de homoxeneidade interna dentro de cada grupo⁹.

Táboa 6. Datos xerais por dimensión.

	Transparencia			Contacto			Opinión		
	Media	Mediana	Rango	Media	Mediana	Rango	Media	Mediana	Rango
Cataluña	75,0	---	---	85,7	---	---	50	---	---
Ámbito estatal	45,4	54,2	91,7	47,1	57,1	85,7	10,5	0,0	50,0
Ámbito europeo	70,4	75,0	83,3	81,4	85,7	42,9	23,0	0,0	100,0
Brasil	83,3	---	---	85,7	---	---	70,0	---	---

Fonte: elaboración propia

Os datos da dimensión de transparencia mostran un desenvolvemento bastante semellante desta dimensión no conxunto das institucións europeas, Brasil e Cataluña. Contrariamente, as institucións de ámbito estatal mostran unha tendencia claramente inferior no uso dos diferentes mecanismos desta primeira dimensión. As diferenzas entre as medias resultan moi significativas, posto que mentres que nos casos europeos, de Brasil e de Cataluña a utilización deste mecanismo se sitúa arredor do 75% do seu potencial, no caso estatal e autonómico non chega a facerse uso nin da metade (cunha media do 45,4%). Ademais, a maior amplitude do rango detectado nesta dimensión indica unha maior heteroxeneidade interna na utilización dos catro mecanismos relativos á dimensión de transparencia no caso estatal que no europeo.

De feito, 22 das 31 institucións (o 71%) presentan unha utilización de polo menos o 50% da potencialidade desta dimensión da participación política en liña. Ademais, once destes parlamentos alcanzan o 75% ou máis. De forma positiva, cómpre destacar os exemplos dos parlamentos de Alemaña e Reino Unido, xa que ambas as institucións fan un uso absoluto dos mecanismos observados e, das institucións máis próximas, convén destacar que a do País Valenciano obtén a máxima puntuación comparada co resto das institucións do ámbito estatal posto que utiliza cerca do 92% dos recursos desta dimensión. De forma negativa, debemos sinalar que as nove institucións (25,8%) que presentan os niveis máis baixos na explotación destes recursos de transparencia son, case exclusivamente, do ámbito autonómico (coa única excepción de Luxemburgo). Especialmente baixos son os resultados dos parlamentos ou asembleas de Asturias, Castela-A Mancha, Ceuta e, de forma máis acentuada, Murcia.

A análise da dimensión de contacto remítenos a unhas conclusións nesta mesma liña. Simplemente, débese matizar que o *gap* detectado se reproduce con maior intensidade. Mentres o grupo das institucións europeas, de Brasil e de Cataluña utiliza un pouco máis do 80% da potencialidade desta dimensión, as institucións estatais e autonómicas seguen sen chegar a alcanzar o 50%. De feito, esta diferenza agrávase cunha grande heteroxeneidade interna (rango do 85,7%), que é o dobre da detectada nos casos europeos (rango do 42,9%).

Globalmente, apréciase como un pouco máis do 74% das institucións (23 de 31) utiliza o 50% ou máis da potencialidade destes mecanismos. Entre estas páxinas web cabe resaltar as de Alemaña, Luxemburgo, Portugal e Suíza, pois utilizan completamente a capacidade de interacción cos seus cidadáns facilitada por esta dimensión. Se a inmensa maioría das institucións europeas utilizan de forma importante estes mecanismos obsérvase, por outra banda, que as oito institucións que menos uso fixeron deles son de ámbito estatal ou autonómico, entre as que destacan especialmente Asturias, Ceuta e Galicia polos seus baixos resultados¹⁰. Xa que logo, nesta dimensión apréciase de forma clara e contundente o *gap* que existe, en xeral, entre as institucións europeas e as estatais e autonómicas polo que respecta á utilización das ferramentas facilitadas por internet. Pola súa banda, cómpre comentar que a páxina web do Parlamento de Cataluña se sitúa na parte alta do ránking, cunha explotación do 85% da potencialidade da dimensión de contacto.

Respecto á última dimensión analizada, a de opinión, hai que sinalar que se trata da dimensión con menos desenvolvemento das tres e na cal, en xeral, menos se aproveita a potencialidade dos seus mecanismos. Entre os dous ámbitos territoriais e seguindo un esquema coherente cos resultados obtidos nas outras dimensións, as diferentes institucións de ámbito europeo fan un uso máis intensivo que as institucións estatais e autonómicas. Mentres que as primeiras fan un uso medio desta dimensión do 23%, esta porcentaxe redúcese ata o 10,5% nos casos das institucións estatais. Malia iso, obsérvanse medias moi reducidas en todos os ámbitos, que nos mostran que aínda se pode aproveitar máis a potencialidade desta última dimensión. Ademais, neste caso a máxima amplitude do rango nas institucións europeas indícanos a existencia dunha maioría que non realiza ningún uso destes mecanismos e doutra —concretamente, Alemaña— que utiliza esta dimensión ao máximo nivel. Pola contra, e respecto das institucións autonómicas, só algunha utiliza a metade das posibilidades que ofrecen os catro mecanismos desta dimensión (Estremadura, País Valenciano e Cataluña).

A terceira dimensión explorada nesta investigación reflicte a «recente» incorporación deste medio ás nosas sociedades cun débil desenvolvemento dos mecanismos de opinión na inmensa maioría das páxinas institucionais incluídas nesta investigación. Tan só seis institucións utilizan a maioría do potencial desta dimensión entre as que volve destacar o caso de Alemaña (100%) e en menor grao Brasil e Escocia (70% e 60%, respectivamente)¹¹. O resto das institucións non consegue alcanzar este nivel na utilización dos diferentes mecanismos que facilitan a chegada da opinión dos cidadáns aos seus representantes. É máis, cerca do 65% do total das institucións (20, para ser exactos) non desenvolveu nin lles ofreceu aos seus cidadáns ningunha ferramenta de opinión. De forma rotunda, pódese afirmar que a dimensión de opinión é a máis infrautilizada de todas as dimensións desta investigación.

Para rematar, os datos que nos resumen este continuo, os cales se poden consultar na táboa 7, reafirman a tendencia xa comprobada anteriormente en todas as dimensións. As diferentes institucións europeas teñen unha media sensiblemente superior en comparación cos casos das institucións de ámbito estatal e autonómico (a media europea é do 54,2% e a

mediana é do 50%, mentres que nas institucións de ámbito estatal e autonómico estes indicadores diminúen ata o 30,9% e o 32,3%, respectivamente). Tamén se observa como tanto a páxina web do Parlamento de Cataluña como a do de Brasil presentan un índice de utilización destes mecanismos superiores incluso ao conxunto de institucións de ámbito europeo.

Táboa 7. Datos de resumo do eixe de participación.

	Media	Mediana	Rango
Cataluña	64,5	---	---
Ámbito estatal	30,9	32,3	50,8
Ámbito europeo	54,2	50,0	66,1
Brasil	72,6	--	--

Fonte: elaboración propia

Observando os datos por ámbitos xeográficos, e como sucedeu nas tres dimensións, destaca a páxina institucional de Alemaña, que é a máis completa de todas as estudadas e, xa que logo, podería ser a referencia que cumpriría seguir. Neste caso, utilízanse todos os mecanismos e posibilidades que ofrece internet para conseguir unha maior transparencia e facilitar o contacto e a transferencia de opinións dos cidadáns cara aos seus representantes políticos.

Neste mesmo sentido, os parlamentos de Brasil e Escocia fixeron un esforzo importante para se adaptar aos novos tempos. Ambos utilizan ao redor do 70% dos recursos analizados nesta investigación. Ademais, outras seis institucións (Cataluña, Portugal, Estremadura, Francia, Suíza e o País Valenciano) sitúanse por riba do 50% no ránking final sobre a utilización total dos mecanismos de participación. En resumo, menos do 30% das institucións exploradas utilizan máis da metade dos recursos. O grupo maioritario das institucións representativas analizadas (22 de 31) non utiliza nin a metade dos recursos que ofrece internet para facilitar a interactividade cos seus cidadáns para establecer unha relación máis próxima. De todos estes parlamentos ou asembleas estudadas destacan, aínda que sexa en sentido negativo, o das Illas Canarias, Asturias e Galicia¹². Finalmente, hai que destacar que as dez institucións representativas analizadas cos niveis máis baixos no que a se refire á utilización dos mecanismos que internet pon ao seu alcance son de ámbito estatal e autonómico.

5. CONCLUSIÓNS

As novas tecnoloxías, e especialmente internet, reabriron o debate entornado ás posibilidades de participación política nos nosos sistemas democráticos. Nunha época caracterizada pola constatación dun aumento da apatía dos cidadáns e da desconfianza respecto das institucións da democracia representativa, internet ofrece novos espazos de acercamento entre as esferas política e civil.

Os parlamentos aparecen precisamente como unha das institucións que podería fomentar esta reconexión e, polo tanto, as súas páxinas web reclaman unha especial atención. Esta investigación tratou de analizar a oferta participativa destas asembleas a través da rede. A clasificación de opcións que se implantan para establecer un contacto cos cidadáns dividiuse en dous grandes grupos: a provisión de información ou transparencia por unha banda, e a

interacción co cidadán por outra. Neste segundo punto, quíxose identificar a diferenza existente entre mecanismos de intercambio máis lineais que permitan un contacto relativamente directo, e opcións para que os cidadáns expresen e intercambien as súas opinións de forma pública. A metodoloxía utilizada permitiu facer unha dobre comparación: por unha banda, comparáronse os diversos mecanismos, e por outra, comparáronse páxinas web por áreas xeográficas. Os resultados das análises permiten extraer algunhas conclusións interesantes en ambos os casos.

En primeiro lugar, constatouse o carácter gradual dos mecanismos que se ofrecen nas diversas webs parlamentarias. Precisamente, a decisión de partir dunha diferenciación entre o que se denominaron dimensións de transparencia, de contacto e de opinión non era arbitraria, dado que existen diferentes intensidades na aplicación da definición de participación política. Ademais, no espazo *offline* xa se detectou que as elites a miúdo se mostran reticentes a adoptar aqueles mecanismos que implican un maior impacto da cidadanía na súa capacidade de toma de decisión, que podería considerarse de monopolio na maior parte dos casos. Precisamente, as análises que se presentaron aquí demostraron como estas reticencias poden trasladarse á oferta participativa que se produce *online*.

A primeira gran conclusión baséase pois na evidencia de que os mecanismos máis ofrecidos polos parlamentos estudados son aqueles con menor impacto participativo. Así, destaca o uso maioritario dos servizos relativos á provisión de información e transparencia. E en cambio, vanse reducindo os niveis de utilización dos mecanismos de contacto e, especialmente, dos de opinión. Unha posible explicación reside no feito de que as diferenzas nos custos de implantación destes servizos xustifican a existencia dunha oferta desigual. No entanto, mencionouse como a provisión de información representa a miúdo un aumento do volume de traballo en termos de actualización, clasificación, etc. E en cambio, este é o mecanismo máis utilizado. Resulta así esclarecedor que a medida que os mecanismos gañan en capacidade de intervención do cidadán a súa presenza diminúa de forma clara.

Deste xeito, as expectativas que se xeraron ao redor de internet e a súa capacidade para romper algúns dos problemas das democracias representativas actuais non quedan confirmadas. Por unha banda, en internet existen estes instrumentos e os internautas interiorizáronos como parte dos seus usos comunicativos habituais. Pero, pola outra, as elites representativas non parecen especialmente abertas a adaptar esta nova realidade no ámbito político institucional. Así pois, deberíamos preguntarnos se o arranxo a este desaxuste é unha cuestión de tempo para atopar a mellor forma de adaptación nunha esfera onde está en xogo a obra lexislativa dunha sociedade; ou se en realidade se perpetúa en internet a reticencia a abrir maiores canles participativas, demostrando a validez e permanencia dunha cultura política de aspecto elitista entre a clase política.

A resposta a esta pregunta pódese encontrar en certa forma no segundo tipo de comparación que se realizou nesta investigación. Na observación das diferenzas por ámbitos xeográficos pódese alcanzar unha nova conclusión: de forma xeral, os países da contorna europea mostran puntuacións máis altas en todas as dimensións en relación co ámbito español. E iso tamén é certo para as dimensións de carácter máis participativo. Polo tanto, tendo presente que se trata xeralmente de países cunha máis longa e consolidada tradición democrática e con maiores niveis relativos de desenvolvemento (de grande incidencia para ao acceso dos cidadáns ás novas tecnoloxías e para a fenda dixital), deberíamos esperar que a

oferta participativa dos parlamentos do Estado español seguíse unha tendencia semellante coa que superar posibles reticencias.

Para rematar, cómpre mencionar os casos que obtiveron maiores puntuacións no eixe de oferta participativa: o Bundestag alemán e o Parlamento de Brasil, seguidos polo Parlamento de Escocia e o de Cataluña. Recordemos que os casos de Escocia e Brasil foran incluídos na análise pola súa reputación en canto a un importante impulso participativo. Así, volve poñer-se en evidencia que a vontade política da elite é unha variable clave.

Notas

¹ Este artigo é unha versión revisada da ponencia presentada no VIII Congreso AECPA, Valencia, setembro do 2007. Grupo de Traballo 15: «Política e xestión pública para un mundo en cambio: A sociedade do coñecemento (novos actores, mecanismos e instrumentos e o seu impacto na acción pública)». Agradecemos os comentarios dos participantes e en especial dos coordinadores do grupo, Adela Mesa e Miquel Salvador.

² Queremos agradecer o apoio da Fundació Jaume Bofill e os comentarios sempre valiosos de Laia Torras.

³ No caso da contorna europea, dadas algunhas limitacións lingüísticas, optouse por excluír da análise algunhas webs. É o caso de Suecia, Finlandia, Austria, Países Baixos, Dinamarca e Grecia. Nalgúns casos, a existencia dunha versión inglesa destas páxinas non resulta suficiente, posto que non incorpora os mesmos contidos ou non está dirixida ao mesmo público que a versión na lingua orixinal. Para compensar relativamente estas baixas, optouse por incluír o caso suízo, aínda que non sexa membro da UE, ademais dos casos xa mencionados de Escocia e Brasil. En boa parte daquel período, a páxina da cidade autónoma de Melilla non funcionaba correctamente e optouse por excluíla da análise. Para rematar, nos casos de sistemas bicamerais, os datos fan referencia exclusivamente á cámara baixa.

⁴ Excluíronse deste mecanismo aqueles enderezos de correo electrónico ou formularios relacionados con cuestións técnicas (*webmaster*), administrativas ou relativas aos servizos da cámara.

⁵ Por exemplo, en relación coa existencia de enderezos de correo electrónico individuais, cando non todos os membros do Parlamento publican o seu enderezo, outórganse 0,5 puntos; cando se trata da totalidade de deputados e deputadas, 1 punto. Como exemplo do caso da puntuación extra podemos citar a web do Parlamento da Comunidade Valenciana, que obtén 1,5 puntos no mecanismo de retransmisión dos plenos en directo, xa que ademais dispón dun arquivo das sesións anteriores.

⁶ Ao falar de custo, referímonos ao investimento en tempo que é necesario para buscar a información na páxina web correspondente, xa que esta lles é enviada de forma automática aos cidadáns ao seu correo electrónico.

⁷ Hai un total de sete institucións representativas que ofrecen os dous mecanismos simultaneamente.

⁸ Considerouse que é completa cando todos os representantes teñen un enderezo de correo electrónico institucional e é parcial cando unicamente unha parte dos representantes posúen un correo electrónico institucional.

⁹ Utilizouse o rango xa que serve para medir a diferenza entre o caso con valor mínimo e o caso con valor máximo entre os diferentes casos dentro do grupo.

¹⁰ As outras institucións son as de Cantabria, Navarra, País Valenciano, o Senado e as Illas Canarias.

¹¹ A estas tres debemos engadirles as anteriormente mencionadas a nivel autonómico, Cataluña, Extremadura e País Valenciano, que utilizan o 50% dos recursos de internet para desenvolver a dimensión de opinión.

¹² Fan un uso xeral moi minoritario dos recursos que ofrecen as novas tecnoloxías da comunicación (o 17,7%, 9,7% e o 7,3%, respectivamente).

BIBLIOGRAFÍA

- ANDUIZA, E. e A. Bosch. 2004. *Comportamiento político y electoral*. Barcelona: Ariel.
- BIMBER, B. 2003. *Information and American democracy. Technology in the evolution of political power*. Cambridge: Cambridge University Press.
- CAMPBELL, A., A. Harrop e B. Thompson. 1999. «Towards the virtual Parliament. What computers can do for MPs», en *Parliamentary Affairs*, 52: 388-403.
- CROZIER, M., S. Huntington e J. Watanuki. 1975. *The Crisis of democracy. Report on the governability of democracies to the trilateral commission*. Nova York: University Press.
- DADER, J. L. 2003. «Ciberdemocracia y ciberparlamento: el uso del correo electrónico entre los parlamentarios españoles y los ciudadanos comunes (1999-2001)», en *TELOS – Cuadernos de Comunicación, tecnología y sociedad*, 55.
- DALTON, R. 2002. *Citizen politics: public opinion and political parties in advanced industrial democracies*. Nova York: Chatham House, 3.ª ed.
- 2000. «Value change and democracy», en Pharr e Putnam (eds.) *Disaffected democracies. What's troubling the trilateral countries?* Princeton: University Press.
- DAVIS, R. 1999. *The Web of politics: the internet's impact on the American political system*. Oxford: University Press.
- DI GENNARO, C. e W. Dutton. 2006. «The Internet and the public: online and offline political participation in the United Kingdom», en *Parliamentary Affairs*, 59: 299-313.
- GIBSON, R., W. Lusoli e S. Ward. 2005. «Online participation in the UK: testing a “contextualised” model of Internet effects», en *British Journal of Politics and International Relations*, 7 (2): 561-583.
- INGLEHART, R. 1990. *Culture shift in advanced industrial society*. Princeton: Princeton University Press.
- INNERARITY, D. 2002. *La transformación de la política*. Bilbao: Península.
- KRUEGER, B. 2002. «Assessing the potential of Internet political participation in the United States: a resource approach», en *American Politics Research*, 30 (5): 476-498.
- LIPOVETSKY, G. 1994. *El crepúsculo del deber: la ética indolora de los nuevos tiempos democráticos*. Barcelona: Anagrama.
- LISTHAUG, O. e M. Wiberg. 1995. «Confidence in political and private institutions», en Klingemann, H.D. e D. Fuchs. (ed.) *Citizens and the State*. Oxford: Oxford University Press.
- LÓPEZ, S., G. Roig. e I. Sábada. 2003. *Nuevas tecnologías y participación política en tiempos de globalización*. Vitoria-Gasteiz: Cuadernos de trabajo. Hegoa.
- LUSKIN, R. 1990. «Explaining political sophistication», en *Political Behaviour*, 12 (4): 331-361.
- LUSOLI W., S. Ward e R. Gibson. 2006. «(Re)connecting politics? Parliament, the public and the Internet», en *Parliamentary Affairs*, 59: 24-42.
- MARCOS, M. C. e C. Rovira. 2006. «Las webs parlamentarias: funciones y elementos de su interfaz en el acceso a la información», en *Revista Española de Documentación Científica*, 29 (1): 11-33.
- MULDER, B. 1999. «Parliamentary futures: re-presenting the issue. Information, technology and the dynamics of democracy», en *Parliamentary Affairs*, 52: 553-566.
- NORRIS, P. 2000. *A virtuous circle*. Cambridge: Cambridge University Press.
- 2001. *Digital divide: civic engagement, information poverty, and the Internet worldwide*. Cambridge: Cambridge University Press.
- 2003. *Democratic phoenix. Reinventing political activism*. Cambridge: Cambridge University Press.
- NOVECK, B. S. 2000. «Paradoxical partners: electronic communication and electronic democracy», en Ferdinand, P. (ed.) *The Internet, democracy, and democratization*. Londres: Frank Cass.
- PHARR, S., R. Putnam e R. Dalton. 2000. «Introduction: what's troubling the trilateral democracies?», en Pharr e Putnam (eds.) *Disaffected democracies. What's troubling the trilateral countries?* Princeton: University Press.
- RIEFFEL, R. 2005. *Sociologie des médias*. París: Ellipses.
- SARTORI, G. 1992. *Elementos de teoría política*. Barcelona: Alianza.
- SHAH, D., J. Cho, W. Eveland e N. Kwak. 2005. «Information and expression in a digital age. Modelling Internet effects on civic participation», en *Communication Research*, 32 (5): 531-565.

- SUBIRATS, J. 2003. «Los dilemas de una relación inevitable. Innovación democrática y tecnologías de la información y de la comunicación», en Porras e Araya (eds.) *E-Democracia*. Chile: Universidad Bolivariana, Colección Tecnología y Sociedad.
- SUNSTEIN, C. 2002. *Republic.com*. Princeton: Princeton University Press.
- TAYLOR, J.A. e E. Burt. 1999. «Parliaments on the web: learning through innovation», en *Parliamentary Affairs*, 52: 503-516.
- TOLBERT, C. J. e R. S. Mcneil. 2003. «Unraveling the effects of the Internet on political participation», en *Political Research Quarterly*, 56 (2): 175-185.
- VEDEL, T. 2003. «Political communication in the age of the Internet», en Maarek e Wolfsfeld (eds.) *Political communication in a new era. A cross-national perspective*. Londres/Nova York: Routledge.
- VERBA, S., K. Schlozman y H. Brady. 1995. *Voice and equality: civic voluntarism in American politics*. Cambridge: Harvard University Press.
- WARD, S. e T. Vedel. 2006. «Introduction: the potential of the Internet revisited», en *Parliamentary Affairs*, 59: 210-225.
- WOLTON, D. 1999. *Internet, et après? Une théorie critique des nouveaux médias*. París: Flammarion.
- YILDIZ, H. 2002. «Internet, un nouvel outil de communication multidimensionnel».
- SERFATY, V. (ed.) *L'Internet en politique: des Etats-Unis à l'Europe*. Estrasburgo: Presses Universitaires de Strasbourg.